

## Información



### II Foro Medrando Xuntas

O 5 de xullo, en horario de 09:30 a 14:00 horas, terá lugar en Santiago de Compostela o segundo foro organizado pola Secretaría Xeral de Emprego para fomentar o talento feminino nas entidades de economía social.

[Ver máis](#)

### Cooperativismo en movemento en Vilagarcía de Arousa

O próximo 22 de xuño ás 20:30 horas o programa Cooperativismo en Movemento levará a Vilagarcía de Arousa un espectáculo teatral para toda a familia.

[Ver máis](#)

### A cooperativa As Vacas da Ulloa mostra a estudantes de Fonteboa o potencial do cooperativismo

A cooperativa As Vacas da Ulloa recibiu estudantes dos ciclos Producción Agropecuaria, e Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal do Centro de Promoción Rural EFA de Fonteboa para mostrarlles as vantaxes do cooperativismo e a economía social como modelos de negocio.

[Ver máis](#)

## Actividades

### As cooperativas nos servizos sociais en Palas de Rei

Este obradoiro ten como obxectivo achegar os conceptos necesarios en materia de cooperativas e comparar esta con outras fórmulas empresariais, ademais de mostrar os pasos que se van seguir e as características e as vantaxes da creación dunha cooperativa.

**Datas:** do 25/06/2019 ao 01/07/2019

**Horario:** 10:00 - 13:00 h

**Lugar:** Centro Comarcal da Ulloa, avda. Compostela, 47, Palas de Rei

**Inscripcións:** 982545070 (ext. 6) / 606306254 / mancomunidadefrances@gmail.com

[Ver máis](#)





**OBRADOIRO DE  
FORMACIÓN DE TITORAS  
XERENCIAIS EN  
EMPRESAS DA ECONOMÍA  
SOCIAL**

**Obradoiro de formación de titoras xerenciais  
en empresas de economía social**

O obxectivo deste obradoiro é achegarlles o modelo cooperativo e o de empresa de economía social a persoas con formación en xestión empresarial, para contribuír á súa formación e dar a coñecer os recursos e ferramentas necesarios.

**Datas:** do 15/07/2019 ao 18/07/2019

**Horario:** 09:00 - 14:00 h

**Lugar:** rúa Tomiño, 22, entrecán, Santiago de Compostela (A Coruña)

**Inscripcións:** 981584783 / agaca@agaca.coop

[Ver máis](#)

**Obradoiro: Contabilidade para o  
emprendemento cooperativo en Vigo**

Este obradoiro ten como obxectivo a formación en materia de contabilidade para a mellora da xestión empresarial das cooperativas. Comezará con conceptos teóricos para, posteriormente, poñelos en práctica e así analizar os principais estados financeiros e as ferramentas e os recursos de apoio na xestión contable.

**Datas:** do 16/07/2019 ao 19/07/2019

**Horario:** 09:30 - 14:30 h

**Lugar:** Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (seminario C) – Campus As Lagoas, Marcosende (Vigo)

**Inscripcións:** [formulario](#) / 986866149 / teresa@espazo.coop

[Ver máis](#)

**Contabilidade para o  
Emprendemento Cooperativo**

*Edición en VIGO  
do 16 ao 19 de  
xullo 2019*



**Rede Eusumo**

Contacte en: [comunicacion@eusumo.gal](mailto:comunicacion@eusumo.gal) ou 610 17 43 89

**Máis información en:**



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)

